



| Guía Docente          |   |                    |                               |          |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                               | 2023/24  |
| Asignatura (*)        | Aprendizaxe e Ensino da Xeografía   | Código             | 652604422                     |          |
| Titulación            | 10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia)   |                    |                               |          |
| Descritores           |   |                    |                               |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                          | Créditos |
| Mestrado Oficial      | Anual   | Primeiro           | Obrigatoria                   | 6        |
| Idioma                | Castelán  |                    |                               |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                               |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                               |          |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación  |                    |                               |          |
| Coordinación          | Otero Varela, Alejandro   | Correo electrónico | alejandro.otero.varela@udc.es |          |
| Profesorado           | Magdalena Vidal, Maria Victoria   | Correo electrónico | victoria.magdalena@udc.es     |          |
|                       | Otero Varela, Alejandro   |                    | alejandro.otero.varela@udc.es |          |
| Web                   | <a href="https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/UD45L">https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/UD45L</a>   |                    |                               |          |
| Descrición xeral      | Esta materia constitúe unha dimensión crave na formación docente dos profesores, xa que se centra nos procesos de ensino-aprendizaxe da xeografía desde unha perspectiva activa, reflexiva e crítica. Trabállanse as estratexias e recursos didácticos para o ensino-aprendizaxe da xeografía, así como a elaboración de unidades didácticas para a súa aplicación na Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. |                    |                               |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | (CE-E1) Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.   |
| A2                                  | (CE-E2) Coñecer os contidos que se cursan nas respectivas ensinanzas   |
| A3                                  | (CE-E3) Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.   |
| A4                                  | (CE-E4) Coñecer contextos e situacións nas que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares  |
| A5                                  | (CE-E5) Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.  |
| A6                                  | (CE-E6) Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.   |
| A7                                  | (CE-E7) Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.   |
| A8                                  | (CE-E8) Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas das e dos estudantes.  |
| A9                                  | (CE-E9) Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| A10                                 | (CE-E10) Coñecer estratexias e procedimentos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulamentación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.   |
| A11                                 | (CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.  |
| A12                                 | (CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación empregando indicadores de calidade.  |
| A13                                 | (CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e aprendizaxe das materias da especialización e propor alternativas e solucións.   |
| A14                                 | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.   |
| B1                                  | (CE-G1) Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.  |
| B2                                  | (CE-G2) Comprender o desenvolvemento da personalidade de estes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.   |
| B3                                  | (CE-G3) Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecimentos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.   |
| B4                                  | (CE-G4) Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.   |
| B5                                  | (CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.  |
| B6                                  | (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.   |
| B8                                  | (CE-G8) Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.  |
| B10                                 | (CE-G10) Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |



|     |   |
|-----|---|
| B14 | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecimento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.  |
| C1  | N.1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.   |
| C3  | N.3. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | N.4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6  | N.6. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | N.7. Asumir como profesional e cidadán/cidadá a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |
| C8  | N.8. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe   |   |                                   |  |
|---|---|-----------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título       |                                   |  |
| Coñecer o valor formativo do ensino da Xeografía na Educación Secundaria e no Bacharelato.  | AP1<br>AP2<br>AP11                        | BP6<br>BP8<br>BP14                | CP4<br>CP6<br>CP7<br>CP8               |
| Adquirir as competencias necesarias para o ensino-aprendizaxe da Xeografía na Educación Secundaria e no Bacharelato.  | AP2<br>AP8<br>AP9<br>AP11<br>AP12<br>AP13 | BP1<br>BP2<br>BP5<br>BP8<br>BP14  | CP1<br>CP3<br>CP4<br>CP6<br>CP7<br>CP8 |
| Coñecer os contidos de Xeografía presentes no currículo da Educación Secundaria e o Bacharelato. Analizar as metas educativas, a selección e organización dos contidos, as estratexias de ensino e aprendizaxe e os criterios e formas de avaliación.       | AP2<br>AP4<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP10   | BP2<br>BP3<br>BP4<br>BP5<br>BP8   | CP3<br>CP4<br>CP6<br>CP7<br>CP8        |
| Coñecer as principais dificultades dos contidos xeográficos para o estudiantado de Educación Secundaria e Bacharelato.  | AP3<br>AP4<br>AP5<br>AP10<br>AP13<br>AP14 | BP1<br>BP2<br>BP5<br>BP10<br>BP14 |  |
| Adquirir competencias para transferir á práctica os coñecementos teóricos e deseñar propostas didácticas innovadoras que melloren as prácticas de ensino e aprendizaxe da Xeografía no contexto educativo das etapas de Educación Secundaria e Bacharelato. | AP4<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP8<br>AP13   | BP1<br>BP6                        | CP3<br>CP4<br>CP6<br>CP7<br>CP8        |

| Contidos                                       |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| Tema 1. Introducción á didáctica da Xeografía. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A Xeografía como disciplina escolar: eixos estruturantes.</li> <li>- Finalidades do ensino da Xeografía e a educación para a cidadanía.</li> <li>- Dificultades dos contidos xeográficos para os estudantes de Educación Secundaria e Bacharelato.</li> </ul> |



|  |   |
|--|---|
| Tema 2. Estratexias e recursos para o ensino-aprendizaxe da Xeografía.                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Selección, organización e secuenciación dos contidos xeográficos.</li> <li>- Estratexias de ensino-aprendizaxe e a súa relación cos distintos modelos didácticos. Diferentes tipos de actividades.</li> <li>- Recursos didácticos e experiencias de aprendizaxe no ensino da Xeografía.</li> </ul> |
| Tema 3. Elaboración de unidades didácticas de Xeografía para a Educación Secundaria e o Bacharelato. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Criterios de selección e elaboración de materiais educativos.</li> <li>- A avaliación dos contidos xeográficos. Criterios e instrumentos de avaliación.</li> <li>- Como realizar unidades didácticas de Xeografía.</li> </ul>  |

| Planificación                 |  |   |                         |              |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais          | A1 A2 A3 A10 B6  | 2                                       | 5                       | 7            |
| Análise de fontes documentais | A2 A5 A7 A12 A14<br>B14 C4   | 3                                       | 8                       | 11           |
| Aprendizaxe colaborativa      | A1 A7 A8 A9 A14 B1<br>B2 B8 C1 C7  | 6                                       | 15                      | 21           |
| Sesión maxistral              | A9 B1 B3 B4 B5 C4<br>C6  | 21                                      | 10                      | 31           |
| Traballos tutelados           | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A9 A11 A12<br>A13 A14 B3 B4 B5 B8<br>B10 B14 C3 C1 C4<br>C6 C7 C8 | 8                                       | 45                      | 53           |
| Presentación oral             | A9 A14 B8 C3 C1 C4   | 3                                       | 12                      | 15           |
| Atención personalizada        |  | 12                                      | 0                       | 12           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descrición   |
| Actividades iniciais          | Antes de iniciar os temas do programa desenvolveranse actividades que permitan coñecer os saberes previos do alumnado respecto ás ciencias sociais, as competencias, intereses e motivacións que posúen para o logro dos obxectivos finais que queremos alcanzar nesta materia.  |
| Análise de fontes documentais | Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación co ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais.  |
| Aprendizaxe colaborativa      | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común e toma de decisións.   |
| Sesión maxistral              | As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. A partir dos esquemas iniciais e co apoio de documentación específica, iranse desenvolvendo a parte teórica dos contidos conceptuais da materia mediante metodoloxía explicativa.  |
| Traballos tutelados           | A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. |
| Presentación oral             | Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as.   |

Atención personalizada



| Metodoloxías  | Descrición   |
|---|--|
| Aprendizaxe colaborativa<br>Análise de fontes documentais<br>Sesión maxistral<br>Traballos tutelados<br>Presentación oral | Os traballos terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.<br><br>O alumnado con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia. |

| Avaliación                    |  |   |               |
|-------------------------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías                  | Competencias / Resultados  | Descrición  | Cualificación |
| Aprendizaxe colaborativa      | A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C7   | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única.  | 20            |
| Análise de fontes documentais | A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4  | Realización de análises e reflexións a partir de diversas fontes documentais.   | 20            |
| Traballos tutelados           | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 B3 B4 B5 B8 B10 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8 | Elaboración dun traballo en grupo acerca dalgunha das temáticas dentro do ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. | 40            |
| Presentación oral             | A9 A14 B8 C3 C1 C4   | Presentación dos traballos desenvolvidos na aula en pequenos grupos.  | 20            |

### Observacións avaliación



- Na avaliación terase en conta a participación e dedicación á materia, tanto na aula como nas actividades realizadas fóra da mesma.
- O alumnado que non supere a avaliación continua a partir das metodoloxías presentes na materia ou asista a menos do 80% das sesións terá que superar unha proba obxectiva.
- Na realización dos traballos o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. Igualmente, será imprescindíbel a corrección lingüística á hora de dar por superados os devanditos traballos.
- A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

Segundo o establecido na " NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017):

1. Deberá poñelo en

coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.

2. Terán que realizar,

individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente. Se non se cumpre a entrega na data sinalada considerarase ?Non presentado?.

3. A cualificación será

a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba).

### Fontes de información

**Bibliografía básica**

Albert M.; Fuentes, C.; Gutiérrez, J. M.; Hernández Cardona, F. X; López Facal, R.; Miralles, P.; Molina, S.; Prats, J.; Rivero, P.; Santacana, J. (2011). Geografía y la historia. Investigación, innovación y buenas prácticas. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 3. Barcelona: Editorial Graó. Batllori, R. y Casas, M. (2000). El conflicto y la diferenciación. Conceptos clave en la enseñanza de las ciencias sociales. Lleida: Editorial Milenio. García Pascual, F.; González Gallego, I.; López Facal, R.; Moradiellos, E.; Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Valls, R. (2011). Geografía e historia. Complementos de formación disciplinar. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 1. Barcelona: Editorial Graó. Grupo Ínsula Barataria (Coord.) Enseñar y aprender ciencias sociales. Algunas propuestas de modelos didácticos. Madrid: Mare Nostrum Ediciones Didácticas. Hernández, A. M. (Coord.) (2019). Estrategias y recursos didácticos para la enseñanza de las Ciencias Sociales. Madrid: Ediciones Pirámide. Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Santacana, J.; Souto, X.; Trepal, C. A. (2011). Didáctica de la geografía y la historia. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 2. Barcelona: Editorial Graó. Vázquez, E.; Sevillano, M. L.; Méndez M. A. (2011). Programar en Primaria y Secundaria. Madrid: Pearson Educación.

**Bibliografía complementaria**

Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias máis específicas para complementar o traballo en clase.



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

Trátase dunha materia que se realizará, principalmente, cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. É por isto polo que a asistencia e participación, en todas e cada unha das actividades desenvolvidas no contexto da materia, será fundamental. A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. &nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías